

1. A Subdirección de Organización Académica do centro solicitará aos Coordinadores de Título unha listaxe de liñas temáticas para os TFG/TFM para o curso académico correspondente.
2. Os Coordinadores de Título levarán esta solicitude ás Comisións de Título, como un punto da orde do día, para a aprobación da listaxe de liñas temáticas para os TFG/TFM.
3. Unha vez aprobada a listaxe de TFG/TFM pola Comisión de Título, remitirase á Subdirección de Organización Académica que se encargará de remitila aos Departamentos con docencia na titulación correspondente.
4. A partir das listaxes de liñas temáticas, os Departamentos elaborarán unha proposta de temas cos seus correspondentes titores, que será remitida á Subdirección de Organización Académica.
5. A Subdirección de Organización Académica remitirá ás Comisións de Título as propostas de temas dos Departamentos para a súa aprobación. Unha vez aprobada, a proposta de liñas temáticas e temas será publicada na páxina web do centro.
6. No caso de que sexa o alumno ou alumna quen propoña un tema (con ou sen proposta de titor ou titora) que non figure na lista inicial aprobada pola Comisión de Título, a Comisión autorizará ou non a proposta previa consulta aos Departamentos implicados, e asignará o/a titor/a.